

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA DEZ DE ABRIL DE DOUS MIL QUINCE

No salón de plenos do Concello de Cerdido, ás dez horas do día dez de abril de dous mil quince, reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, María José López Lamigueiro, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago, e Jairo Orjales Sande. Non asistiu Rocío Martínez Martínez, baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1.-Aprobación , se procede das actas do pleno reunido os días 27.02.2015 e do 12.03.2015 .Os
Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por maioría aprobaron a acta anterior.


2.- Solicitud dunha subvención nominativa a Deputación da Coruña e a aprobación do proxecto de obra :Melloras en instalacións deportivas e educativas de Cerdido . Leida a proposta da alcaldía do tenor literal seguinte : Solicitada unha subvención nominativa a Deputación da Coruña para poder realizar o proxecto de obra : Melloras nas instalacións deportivas e educativas municipais e unha vez recibido o requirimento do ente provincial para presentar documentación complementaria ,esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo : 1. Aprobar o proxecto de obra : Melloras **nas instalacións deportivas e educativas municipais** por un importe de 137.541,39 € redactado pola Arquitecta María del Carmen Novoa Sio . 2.- Solicitar unha subvención do 100% do importe da obra motivado polas razóns de interese público establecidos na memoria xustificativa enviada así como na situación económica do Concello, xustificada no informe da secretaria-interventora 3.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe. 4.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.5.-Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.6.-Para unha maior eficacia na xestión deste acordo delégase na Alcaldía as competencias do órgano de contratación en relación ao expediente de contratación desta obra e facultase expresamente a alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente. Cerdido, 7 de abril de 2015.A Alcaldesa. Ana **Rodríguez Montero. Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior .**

A Alcaldesa : Explica que con este proxecto de obra preténdese subsanar as deficiencias que hai nas instalacións deportivas e educativas do Concello . No seu momento intentouse reparar a tribuna do campo de fútbol pero non había os cartos suficientes para poder realizala como establecen os técnicos , tamén con este proxecto preténdese mellora o peche desta instalación así como solucionar os problemas que hai coa caldeira dos vestiarios . Outro dos investimentos que se inclúen e o cambio de ubicación do parque infantil dentro do recinto escolar e a mellora do pavimento do polideportivo cun material que se chama Graboflex, que foi recomendado polos técnicos .

O Concelleiro Benigno Galego Castro ponde manifesto que no proxecto ven como espesor do Graboflex 4,4 ml e que unha vez consultado Internet non recomentan este espesor para polideportivos e aconsellan un espesor de 6 ml polo lle gustaría ver a ficha técnica do produto, parécelle excesivo os cartos para o cartel de chapa metálica e non entende que significa as siglas Sb , no presuposto parcial da pista do polideportivo . En canto ao campo de fútbol alégrase da decisión de incluír este investimento porque xa foi solicitado moitas veces polo seu grupo incluso coa solicitude dun plano extraordinario e pregunta pola modificación de crédito de 15.000,00 para realizar a tribuna , solicita saber se a canalización do cable en PVP realizado fai pouco tempo serve para esta instalación , pregunta sobre o número de proxectores da iluminación e porque non se optou pola iluminación LED ,en canto o parque infantil entende que se tiran os cartos porque non hai planificación , o actual foi reformado fai tres anos e se gastaron 35.000,00 euros e sinala que xa no ano 2010 solicitaran o cambio de ubicación do parque , pregunta que se lle vai a facer o parque actual e se se pode aproveitar o caucho , solicitando saber cal é o espesor . Anuncia que condiciona o seu voto a que o pavimento do polideportivo sexa de 6 ml de espesor .

A alcaldesa explica que o pavimento do polideportivo , pensouse nun primeiro momento realizado en cemento pero os técnicos recomendaranlle este material en canto o seu espesor , o que ven no proxecto e o que cree o técnico mais axeitado , pero si é recomendable outro porase o que é mellor . En relación as siglas SB entende que pode ser sobre base pero non o sabe con certeza . En canto o campo de fútbol , e certo que se pensaba realizar a tribuna por 15.000,00 pero os técnicos recomentan realizar unha estrutura nova polo que estes cartos non chegaban , esta é a razón pola que se inclúe neste proxecto . En canto a iluminación do campo de fútbol van 24 focos , catro en cada poste e os técnicos non lle recomendaron a iluminación tipo LED , xa que o investimento sería moi alto , e segundo un estudio das horas de utilización desta iluminación o aforro xenerado non compensaría o investimento e lle recomendaron esperar mais tempo porque os prezos do LED baixan cada mes .En canto a canalización eléctrica entende que serve a actual e que o mellor haberá que recubrila con cemento . En canto o parque vello non sabe o que se vai a facer con el e que o caucho non se pode reutilizar porque no novo parque é continuo para evitar sucidade e mellorar o mantemento da instalación . E o anterior parque non é usado dende hai tres anos porque as mestras non queren ir unha cos nenos que van o parque e outra no campo de fútbol , prefiren que todos os nenos estean no campo de fútbol con unha única mestra . En canto o espesor do caucho o descoñece . A alcaldesa afirma que ten o seu compromiso en relación o espesor do polideportivo .

O concelleiro Jairo Orjales Sande , pon de manifesto que non se enviara a memoria para saber os investimentos pero que a secretaria xa lle explicou os motivos , e certo que si se sabe con mais antelación estes asuntos , entre todos podemos achegar melloras para os proxectos . Pregunta a alcaldesa como se comporta o pavimento do polideportivo para os outros usos non deportivos



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

que se lle da ao polideportivo , e en canto a iluminación do campo de fútbol di que non vai a entrar a cuestionar o estudo técnico pero que cree que este investimento dificulta a solicitude a curto prazo de subvención para mellorar a eficacia enerxética da instalación . Pero entende que os cartos son limitados .

A Alcaldesa explica que a Deputación tampouco da moito tempo para realizar os proxecto e que a súa intención foi entregar a memoria do proxecto xunto a convocatoria . En canto o comportamento do pavimento do polideportivo, engade que cando se fixo o proxecto explicaronse todos os usos que se lle da a instalación como pode ser comidas , festival de Reis e que lle dixeron que non habería problema ningún.

E , non habendo mais asuntos que tratar , a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as dez horas e coarenta e cinco minutos do día dez de abril de 2015. Do que eu como secretaria dou fe:

A Alcaldesa

Ana Rodriguez Montero

A secretaria

Paula Díaz Tie